

ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, EN MATERIA DE VIOLENCIA OU AGRESIÓN SEXUAL, E PARA A REALIZACIÓN DE OUTRAS ACTIVIDADES DE INTERESE SANITARIO

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2024.

REUNIDOS

Dunha parte **D. Diego Calvo Pouso**, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, en relación co Decreto 394/1994, do 29 de decembro, polo que foron asumidas as funcións sobre medios materiais e económicos para o funcionamento de Administración de xustiza, traspasadas á Xunta de Galicia polo Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, así como das que ao seu favor resultan dos artigos 4 e 11 do Regulamento do Instituto do Medicina Legal de Galicia (Imelga), aprobado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Instituto do Medicina Legal de Galicia, para subscribir convenios de colaboración que vinculen o dito instituto.

E doutra parte **D. Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, nomeado por Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións previstas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; nos Decretos 144 e 145/2024, do 20 de maio, polo que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno,

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade legal para obrigarse en dereito e subscribir o presente acordo e a tal efecto:

MANIFESTAN

I. O Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e aos institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), completan o proceso de transferencia de medios en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia,



estando asignadas estas competencias na actualidade á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

II.- A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de sanidade, lle corresponden á Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril.

III.- De conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado por Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia. O artigo 94 da mesma lei contempla entre as súas funcións a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde, no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais, así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e de mellora de xestión.

IV.- O Servizo Galego de Saúde ten como obxectivo a provisión dos servizos e das prestacións da atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma, dentro do marco básico de financiamento do Sistema Público de Saúde de Galicia, garantindo os dereitos recoñecidos á cidadanía.

Para tal fin exerce o goberno, dirección e xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios e adscritos, garantindo a provisión dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública; coordina a xestión dos recursos humanos e financeiros que teña asignados, e exerce aquelas funcións que lle delegue ou encomende a Consellería de Sanidade.

V.- De conformidade co Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se creou o Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), este é un órgano técnico ao servizo da Administración de Xustiza que ten como función auxiliar os xulgados, tribunais, fiscalías e oficinas de Rexistro Civil en materia de medicina forense.

De conformidade co artigo 4 do seu regulamento, o Instituto ten atribuídas entre as súas funcións, practicar as probas periciais médicas, tanto tanatolóxicas como clínicas, previstas na normativa vixente en materia de medicina forense.

Tamén poderá realizar actividades de docencia e investigación relacionadas coa medicina forense; e calquera outra función de colaboración e investigación, no ámbito da medicina legal, derivada de convenios ou acordos co Servizo Galego de Saúde, coa Consellería de Sanidade, con órganos ou organismos da Administración autonómica ou con outros entes públicos.

Nas súas funcións técnicas o instituto terá carácter independente e emitirá os seus informes suxeito polas regras de investigación científica.



VI.- A Lei 10/2022, de 6 de setembro de garantía integral da liberdade sexual e, nomeadamente, o seu artigo 48, prevé que a Administración Xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, garantirán a dispoñibilidade do persoal médico forense para asegurar que o exame e as actuacións de interese legal se practiquen ás vítimas sen demoras e conxuntamente co recoñecemento xinecolóxico ou médico preceptivo e todo aquel estudo médico necesario. En todo caso, evitárase a reiteración de recoñecementos agás que resultaren estritamente indispensables para a investigación.

O procedemento de atención a mulleres vítimas de agresión sexual, aprobado polo Observatorio Galego da Violencia de Xénero, e aplicable no ámbito do Servizo Galego de Saúde desde o mes de outubro de 2022, prevé que a muller que sufriu unha agresión sexual precisa dunha atención e unha asistencia en condicións de privacidade, seguridade e confidencialidade, coordinada entre os profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde e os profesionais do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA).

Tendo en conta o anterior, resulta indispensable establecer unha liña de permanente colaboración co IMELGA, a fin de que a asistencia ás vítimas sexa a mellor posible a máis estrita desde o punto de vista probatorio, co obxecto de que a aplicación e desenvolvemento dos procedementos previstos conte coas máximas garantías, de xeito que a recollida de mostras e outras evidencias poidan contribuír á acreditación das violencias sexuais, garantindo a cadea de custodia.

VII.- Ao fío do anterior, outro aspecto destacable na colaboración entre as partes é o relativo á formación específica dos/das profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia implicados na atención dos casos de violencia/agresión sexual.

Neste sentido, a acreditada experiencia neste ámbito dos/das profesionais que compoñen o IMELGA pode resultar moi valiosa e enriquecedora de cara á mellora das capacidades dos/das profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia na xestión e abordaxe deste tipo de casos, aproveitando un enfoque multidisciplinar, e mesmo de cara a establecer rotacións na formación dos MIR nese ámbito de actividade.

Dita experiencia compartida, non só terá reflexo nas iniciativas de formación, senón que dará pé a mellorar os protocolos e soportes documentais da atención sanitaria, facendo que estes sirvan mellor á finalidade para a que se deseñaron.

Así, a título de exemplo, dita experiencia compartida pode servir para a abordaxe dun proceso de mellora dos partes de lesións, coa intervención da comisión de documentación clínica do Servizo Galego de Saúde, co obxecto de adaptalos ás diversas casuísticas que poden darse nas situacións de violencia/agresión sexual, incluíndo a violencia na infancia e adolescencia.

VIII.- Ademais do anterior, outros aspectos que as partes consideran de mutuo interese para o desenvolvemento de proxectos ou actividades específicas, son os relativos á mellora das salas de autopsias nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia, co obxecto de que o traballo dos/das profesionais da Medicina Forense se desenvolva nas mellores condicións



posibles; a automatización do intercambio de datos en materias como a prevención/postvención de suicidios, ou as mortes como consecuencia de reaccións adversas a drogas de abuso.

Tamén destacan entre os temas de mutuo interese e potencial colaboración a prevención da morte súbita para os efectos da realización de estudos xenéticos, e a colaboración en proxectos de investigación.

O Servizo Galego de Saúde dispón dunha unidade de referencia Nacional para o manexo dos pacientes con cardiopatías no Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña (CSUR de Cardiopatías familiares). É importante, ante a morte inesperada ou morte súbita dunha persoa xoven (<40 anos), identificar causas cardíacas (miocardiopatías ou canalopatías) con causa xenética, ao fin de axudar aos familiares vivos a identificar e prever outros casos mediante a análise dunha mostra de sangue da persoa falecida.

En relación co intercambio de información, esta colaboración debe ter reflexo práctico, no sentido de que os/as profesionais do Imelga teñan garantido o necesario acceso á información sanitaria respecto das vítimas ás que se vai prestar a asistencia e atención.

Neste sentido, cómpre indicar que no ano 2015 asinouse un Protocolo de colaboración no ámbito da cesión ou comunicación de datos de carácter persoal e o acceso aos sistemas de información necesario para a realización de determinadas tarefas propias dos médicos forenses dependentes do Imelga.

Dito acceso tiña por finalidade artellar a cesión de datos de carácter persoal e o acceso a IANUS para cumprir as funcións encomendadas ao Imelga relativas "á realización de autopsias e outras actuacións derivadas de investigacións xudiciais abertas".

Este acceso foi habilitado de xeito permanente, e limitado, mediante a modificación do Decreto 29/2009, de 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica.

Dita modificación realizouse mediante o Decreto 168/2014, de 18 de decembro, engadindo un novo punto 2 ao artigo 13, para permitir o acceso á información contida na historia clínica electrónica aos/ás profesionais médicos forenses que desenvolven a súa actividade nos centros dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia *para a realización de autopsias e outras actuacións derivadas de investigacións xudiciais abertas*.

No caso da aplicación dos protocolos de primeira atención a persoas vítimas de violencia/agresión sexual, o acceso habilitaríase antes de que se produza a apertura das investigacións xudiciais polo que, sen prexuízo de emprender as modificacións regulamentarias oportunas, cómpre solucionar o acceso á información sanitaria para que os profesionais do Imelga poidan realizar as súas actividades.



O artigo 7 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece:

"1. As relacións entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico están suxeitas aos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas, co fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

2. Entenderase por colaboración e cooperación o traballo en común dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais ou a unión coordinada das súas accións para consecución dun obxectivo, a execución dun proxecto ou a consecución dun resultado tamén comúns.

Entenderase por asistencia a prestación de información e axuda que os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais podan levar a cabo para o eficaz exercicio das súas competencias".

Entre os medios e instrumentos para facer efectivos estes principios, o artigo 10 da mesma lei enumera, os acordos de colaboración.

Por canto antecede, ambas partes están interesadas na sinatura do presente acordo marco de colaboración, que someten ás seguintes

CLÁUSULAS

Primera. Obxecto

O obxecto do presente acordo marco é establecer a colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Imelga, nos seguintes ámbitos:

1º.- En materia de atención a vítimas de violencia ou agresión sexual, o presente acordo posibilitará as seguintes actuacións:

- a) Intervención dos/das profesionais do Imelga na elaboración e aplicación dos procedementos e protocolos de atención a persoas vítimas de violencia/agresión sexual, no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia, incluíndo a violencia na infancia e adolescencia.
- b) Organización e realización de actividades formativas relacionadas coa violencia/agresión sexual, ou con outros aspectos de interese para as partes, dentro das materias obxecto da actividade e experiencia do Imelga.
- c) Establecemento de iniciativas e propostas para a modificación e adaptación da documentación clínica.
- d) Habilitación do acceso á información contida na historia clínica electrónica aos/ás profesionais médicos forenses que desenvolven a súa actividade nos centros dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia para a realización da primeira atención a vítimas de violencia/agresión sexual, naqueles casos nos que aínda non existan investigacións xudiciais



abertas.

2º.- Noutras materias de interese sanitario, mediante o presente acordo promoverase:

- a) A abordaxe dun plan de mellora das salas de autopsia nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- b) A automatización do intercambio de datos en materia de prevención/postvención de suicidios, e nos casos de mortes por reacción adversa a drogas de abuso.
- c) O establecemento dun protocolo para a derivación de pacientes para estudo xenético, con autopsia médico legal, para a prevención da morte súbita.
- d) Colaboración na mellora da xestión dos certificados de defunción.
- e) A colaboración en proxectos de investigación conxunta en materias de interese sanitario.

Segunda.- Participación de terceiros.

A Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde poderán encomendar, entre outros, á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), a realización de actividades formativas e non formativas obxecto do seu ámbito estatutario de actuación e competencias propias, para o cumprimento do previsto no presente acordo en desenvolvemento do seu obxecto.

Terceira.- Compromisos das partes.

1. As partes asinantes comprométense a prestar eficaz e constante colaboración para que se poida cumprir e desenvolver axeitadamente o seu obxecto.
2. O Imelga prestará a colaboración necesaria para facilitar a dispoñibilidade dos/as seus/súas profesionais, tanto para a realización das actividades que lle son propias na aplicación dos procedementos e protocolos de atención a vítimas de violencia/agresión sexual, para a participación en iniciativas formativas ou de modificación/adaptación de documentación clínica, así como para a participación na realización dun protocolo para a derivación de pacientes para estudo xenético, con autopsia médico legal, para a prevención da morte súbita, e a colaboración en proxectos de investigación conxunta en materias de interese sanitario.
3. A Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde prestarán a súa colaboración a través da cooperación dos/das seus/súas profesionais, a súa estrutura física e das súas instalacións para dar cobertura ás actividades que de mutuo acordo se establezan nos ámbitos obxecto de colaboración.
4. As partes, sendo conscientes de que a colaboración pode implicar actuacións que supoñan unha mellora e innovación dos procesos asistenciais, poderán promover activamente a posible participación doutras entidades de recoñecido prestixio –institutos de investigación, universidades, asociacións, etc. nacionais e internacionais- cuxos fins estean en consonancia co obxecto deste acordo marco, ou cos acordos que no seu desenvolvemento se formalicen, e que poidan contribuír a que as mellores prácticas se estendan mais alá do estrito ámbito



desta colaboración.

5. Este acordo non implica ningunha obriga comercial nin contraprestación económica entre as partes, derivadas das actividades que se desenvolvan ao seu abeiro.

6. As partes aceptan que, no desenvolvemento e cumprimento do presente acordo marco de colaboración ou dos acordo específicos, poderán aportar recursos relacionados directamente co obxecto do mesmo. Os recursos que, no seu caso, sexan aportados por cada parte quedarán suxeitos ao respectivo réxime patrimonial que lle corresponda, de conformidade coa normativa que lle sexa aplicable.

Os bens aportados por unha parte no desenvolvemento de actividades de carácter conxunto serán sempre da súa propiedade.

Cuarta.- Acceso á información contida na historia clínica electrónica (ianus).

A Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde, adoptará as medidas necesarias para habilitar o acceso á información contida na historia clínica electrónica aos/ás profesionais médicos forenses que desenvolven a súa actividade nos centros dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización da primeira asistencia a vítimas de violencia/agresión sexual en aplicación dos protocolos/procedementos vixentes, así como para o intercambio de datos en materia de prevención/postvención de suicidios, e nos casos de mortes por reacción adversa a drogas de abuso, ou morte súbita

Os/As profesionais do Imelga poderán ter acceso a tratar os datos de carácter persoal contidos no Sistema IANUS sempre que resulte imprescindible para a execución dos traballos, actividades e/ou obrigas contraídas en virtude do presente acordo marco ou dos acordos específicos que no seu desenvolvemento se establezan, en todo caso limitándose á información de carácter sanitario das persoas obxecto de atención.

O acceso axustarase ás condicións de protección de datos previstas no **Anexo** ao presente acordo.

Esta cesión obriga ao cumprimento das disposicións contidas na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e o resto da lexislación vixente nesta materia, así como na Ley 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, e na Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, polo que os suxeitos interviñentes veñen obrigados a gardar a mais estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente acordo marco ou dos acordos específicos que se establezan.

Estas obrigas subsistirán meso despois de finalizar as relacións convencionais entre as partes.



Quinta.- Comisión de seguimento.

1. As partes interviñentes designarán cadansúa persoa representante para os efectos de constituír unha comisión de seguimento, da que formarán parte:

- Unha persoa representante da Consellería de Sanidade.
- Unha persoa representante do Servizo Galego de Saúde.
- Unha persoa representante do Imelga.

2. A comisión de seguimento terá as seguintes funcións:

- a) Impulsar e debater as iniciativas e proxectos que se propoñan levar a cabo ao abeiro do presente acordo marco.
- b) Avaliar o grao de cumprimento e desenvolvemento do presente acordo marco e dos proxectos que se leven a cabo.
- c) Tratar sobre a interpretación, modificación ou resolución deste acordo marco, ou dos acordos específicos que no seu desenvolvemento se establezan.
- d) Suxerir novos acordos específicos para o desenvolvemento do presente acordo marco.

3. Ás reunións da comisión de seguimento poderanse convocar e participar, con voz, pero sen voto, técnicos ou persoas expertas propostas por calquera das partes.

As reunións poderán celebrarse mediante multiconferencia telefónica, videoconferencia ou calquera outro sistema análogo, de forma que un ou varios dos compoñentes da comisión asistan a dita reunión mediante o indicado sistema, sempre e cando se asegure a comunicación entre eles en tempo real e, por tanto, a unidade de acto.

4. A comisión reunirse cunha periodicidade mínima anual e sempre que o solicite calquera das partes.

Sexta.- Vixencia e resolución.

O presente acordo terá efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura e manterá a súa vixencia durante un período de catro anos.

As partes asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga, antes da finalización do prazo de vixencia previsto, por un período de ata catro anos adicionais, en caso de que se establezan outros acordos específicos derivados do presente acordo marco.

En consecuencia, a duración dos acordos específicos realizados no desenvolvemento do presente quedarán condicionados polos límites temporais previstos para este último.

O presente acordo marco de colaboración poderase resolver por calquera das causas que se recollen no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, incluído o incumprimento das obrigas das partes nos termos previstos neste instrumento.

En calquera caso, nos acordos específicos poderán pactarse outras cláusulas de resolución para os mesmos.

Os efectos da resolución serán os previstos no artigo 52 da citada lei no que lle sexa



aplicable.

O termo ou resolución do acordo porá fin a todos os deberes e dereitos que se tivesen xerado agás aqueles que, pola súa propia natureza, sobrevivan á mesma, como é o caso das obrigas de confidencialidade previstas na cláusula cuarta.

A resolución anticipada do acordo marco comportará a liquidación das iniciativas vixentes nese momento, co acordo de la comisión de seguimento.

Sétima.- Natureza xurídica.

Este acordo marco encádrase dentro dos medios e instrumentos que o artigo 10 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, prevé para facer efectiva a colaboración entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico

Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten carácter administrativo, polo que os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, de acordo co disposto na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico así como pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste acordo de colaboración, seranlle de aplicación o establecido no art. 18 da dita Lei 14/2013, de 26 de decembro.

Novena.-Publicidade e transparencia

A sinatura deste acordoo marco de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas interviñentes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E en proba de conformidade con canto antecede e como ratificación do seu contido e para que produza efectos, as partes asinan este acordo marco no lugar e data consignados na sinatura electrónica.

Pola Consellería de Presidencia,
Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

Pola Consellería de Sanidade
e o Servizo Galego de Saúde

Antonio Gómez Caamaño



ANEXO

PROTECCIÓN DE DATOS

NORMATIVA

Os tratamentos de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (RGPD); a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e a normativa complementaria.

Dado que o acordo implica o acceso do persoal da entidade a datos de carácter persoal de cuxo tratamento é responsable a Consellería de Sanidade, a entidade terá a consideración de encargado do tratamento. Do acceso aos datos contidos en IANUS por parte dos profesionais quedará a oportuna constancia e non se considerará comunicación de datos, segundo o previsto no artigo 28 do RGPD.

TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Para o cumprimento do obxecto deste acordo, a entidade deberán tratar os datos persoais dos cales a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, en nome do Sistema Sanitario Público de Galicia (en adiante Consellería de Sanidade) é Responsable do Tratamento.

Iso conleva que a entidade (en adiante os ENCARGADO DE TRATAMENTO) actúen en calidade de Encargados do Tratamento en cada un dos seus ámbitos de competencia e, por tanto, teñen o deber de cumprir coa normativa vixente en cada momento, tratando e protexendo debidamente os Datos Persoais.

Se o ENCARGADO DE TRATAMENTO destinase os datos a outra finalidade, os comunicara ou os utilizara incumprindo as estipulacións do acordo e/ou a normativa vixente, será considerado tamén como Responsable do Tratamento, respondendo das posibles infraccións nas que tivese incorrido.

No caso de que como consecuencia da execución do acordo resultara necesario nalgún momento a modificación do mesmo, o ENCARGADO DE TRATAMENTO o requirirá razoadamente e sinalará os cambios que solicita. En caso de que a Consellería de Sanidade estivese de acordo co solicitado xeraríaase unha nova versión deste anexo que recolla o tratamento de datos actualizado, de xeito que o mesmo sempre recolla fielmente o detalle do tratamento, SEN OBRIGA DE ACTUALIZAR O RESTO DO ACORDO SE NON ESTIVESE AFECTADO POLO CAMBIO SOLICITADO.

OBRIGAS DO ENCARGADO DO TRATAMENTO (ESTIPULACIÓNS COMO ENCARGADO DE TRATAMENTO)

De conformidade co previsto no artigo 28 do RGPD, o ENCARGADO DE TRATAMENTO e todo o seu persoal obríganse a e garanten o cumprimento das seguintes estipulacións:

Tratar os Datos Persoais conforme ás instrucións documentadas no presente acordo ou demais documentos aplicables á súa execución e aquelas que, no seu caso, reciban da Consellería de Sanidade por escrito en cada momento.



O ENCARGADO DE TRATAMENTO informarán inmediatamente á Consellería de Sanidade cando, na súa opinión, unha instrución sexa contraria á normativa de protección de Datos Persoais aplicable en cada momento.

Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste acordo. Non utilizará nin aplicará os Datos Persoais cunha finalidade distinta da execución do obxecto do acordo, e en ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios alleos ao mesmo.

Tratar os Datos Persoais de conformidade cos criterios de seguridade e o contido previsto no artigo 32 do RGPD, así como observar e adoptar as medidas técnicas e organizativas de seguridade necesarias ou convenientes para asegurar a confidencialidade, segredo e integridade dos Datos Persoais aos que teña acceso.

En particular, e sen carácter limitativo, obrígase a aplicar as medidas de protección do nivel de risco e seguridade detalladas no sumario de tratamento recollido en forma de táboa ao final deste Anexo (a partires de agora, Sumario de Tratamento)

Manter a máis absoluta confidencialidade sobre os Datos Persoais aos que teña acceso para a execución do acordo así como sobre os que resulten do seu tratamento, calquera que sexa o soporte no que se obtivesen. Esta obriga esténdese a toda persoa que puidera intervir en calquera fase do tratamento por conta do ENCARGADO DE TRATAMENTO, sendo deber do ENCARGADO DE TRATAMENTO instruír ás persoas que del dependan, deste deber de segredo, e do mantemento de dito deber aínda despois do remate da prestación do Servizo ou da súa desvinculación.

Velar para que sexan os/as profesionais vinculados as tarefas asistenciais obxecto do presente acordo os únicos que traten os Datos Persoais e garantir que os/as mesmos/as se comprometen, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade, e a cumprir coas medidas de seguridade correspondentes, das que lles debe informar convenientemente. E manter ao dispor da Consellería de Sanidade dita documentación acreditativa.

Para a xestión de permisos de accesos a sistemas de información baixo o control da Consellería de Sanidade seguiranse as instrucións que esta dite.

Garantir a formación necesaria en materia de protección de Datos Persoais das persoas autorizadas ao seu tratamento.

Agás que conte en cada caso coa autorización expresa do Responsable do Tratamento, non comunicar (ceder) nin difundir os Datos Persoais a terceiros, nin sequera para a súa conservación, fóra do contemplado neste acordo.

Tanto pola natureza do tratamento encargado, o ENCARGADO DE TRATAMENTO deben nomear Delegado de Protección de Datos, e comunicarllo á AEPD, así como a identidade e datos de contacto da(s) persoa(s) física(s) designada(s) polo ENCARGADO DE TRATAMENTO como os seu(s) representante(s) a efectos de protección dos Datos Persoais (representantes do Encargado de Tratamento), responsable(s) do cumprimento da regulación do tratamento de Datos Persoais, nas vertentes legais/formais e nas de seguridade.

Unha vez realizado o obxecto do presente acordo, comprométese, segundo corresponda e se instrúa no Sumario de Tratamento, a devolver ou destruír:

- (i) os Datos Persoais aos que tivese acceso



(ii) os Datos Persoais xerados polo ENCARGADO DE TRATAMENTO por causa do tratamento; e

(iii) os soportes e documentos nos que calquera destes datos consten, sen conservar copia ningunha; ao non existir permiso ou requirimento por lei ou por norma de dereito comunitario para a súa conservación, polo que se procederá á destrución. Non obstante, e aportando xustificación de dita solicitude, o Encargado do Tratamento poderá solicitar á Consellería de Sanidade conservar os datos durante o tempo no que poidan derivarse responsabilidades da súa relación co Responsable do Tratamento. En caso de ser aprobada esta solicitude, os Datos Persoais conservaranse bloqueados e polo tempo mínimo, destruíndose de forma segura e definitiva ao remate de dito prazo.

Quedarán exentos deste compromiso aqueles datos incorporados aos expedientes , que non poidan ser considerados como excesivos para a finalidade coa que foron comunicados.

Segundo corresponda e se indique no Sumario de Tratamento, ao levar a cabo o tratamento dos Datos Persoais nos sistemas/dispositivos de tratamento, tanto manuais coma automatizados, e nas ubicacións que no citado Sumario se especifican, equipamento que poderá estar baixo o control da Consellería de Sanidade ou baixo o control directo ou indirecto do ENCARGADO DE TRATAMENTO, ou outros que fosen expresamente autorizados por escrito pola Consellería de Sanidade, segundo se estableza en dito Sumario no seu caso, e unicamente polos usuarios ou perfís de usuarios asignados á execución do obxecto deste acordo.

Só se contempla a posibilidade de tratar os Datos Persoais dentro do Espazo Económico Europeo ou outro espazo considerado pola normativa aplicable como de seguridade equivalente, non tratándoos fóra deste espazo.

De conformidade co artigo 33 do RGPD, comunicar á AEPD, de forma inmediata e a máis tardar no prazo de 72 horas, calquera violación da seguridade dos datos persoais ao seu cargo da que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia ou calquera fallo no seu sistema de tratamento e xestión da información que tivese ou puidese ter que poña en perigo a seguridade dos Datos Persoais, a súa integridade ou a súa dispoñibilidade, así como calquera posible vulneración da confidencialidade como consecuencia da posta en coñecemento de terceiros dos datos e informacións obtidos durante a execución do acordo. Comunicará con dilixencia información detallada ao respecto, mesmo concretando qué interesados sufriron unha perda de confidencialidade.

Manterase en todo momento informada á Consellería de Sanidade das comunicacións realizadas neste sentido.

Cando unha persoa exerza un dereito (de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, ou outros recoñecidos pola normativa aplicable (conxuntamente, os "Dereitos"), ante o ENCARGADO DE TRATAMENTO, este debe comunicarllo á Consellería de Sanidade coa maior prontitude. A comunicación debe facerse de forma inmediata e en ningún caso máis alá do día laborable seguinte ao da recepción do exercicio do dereito, xuntamente, ne seu caso, coa documentación e outras informacións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude que obre no seu poder, e incluíndo a identificación fehaciente de quen exerce o dereito.

Asistirá á Consellería de Sanidade, sempre que sexa posible, para que ésta poida cumprir e dar resposta aos exercicios de Dereitos.



A responsabilidade última para resolver os exercicios de dereitos recibidos corresponde á Consellería de Sanidade.

Colaborar coa Consellería de Sanidade no cumprimento das súas obrigas en materia de:

(i) medidas de seguridade

(ii) comunicación e/ou notificación de fendas (logradas e intentadas) de medidas de seguridade ás autoridades competentes ou os interesados, e

(iii) colaborar na realización de avaliacións de impacto relativas á protección de datos persoais e consultas previas ao respecto ás autoridades competentes; tendo en conta a natureza do tratamento e a información da que dispoña.

Así mesmo, porá ao dispor da Consellería de Sanidade, a requerimento desta, toda a información necesaria para demostrar o cumprimento dos compromisos recollidos no presente acordo e colaborará na realización de auditoras e inspeccións levadas a cabo, no seu caso, pola AEPD.

Nos casos nos que a normativa así o esixa (ver art. 30.5 RGPD), levar, por escrito, incluso en formato electrónico, e de conformidade co previsto no artigo 30.2 do RGPD un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta da Consellería de Sanidade (Responsable do tratamento), que conteña, alo menos, as circunstancias a que se refire dito artigo.

Dispoñer de evidencias que demostren o seu cumprimento da normativa de protección de Datos Persoais e do deber de responsabilidade activa, como, a título de exemplo, certificados previos sobre o grao de cumprimento ou resultados de auditorías, que deberá de poñer a disposición da Consellería de Sanidade a requirimento desta. Así mesmo, durante a vixencia do acordo, porá ao dispor da Consellería de Sanidade toda a información, certificacións e auditorías realizadas en cada momento.

A Consellería de Sanidade auditará os accesos realizados en IANUS a datos de pacientes no marco deste acordo, debendo proporcionarlle o ENCARGADO DE TRATAMENTO toda a información que a Consellería de Sanidade considere necesaria para verificar a lexitimidade de ditos accesos. No caso de detectar posibles irregularidades, instará ao ENCARGADO DE TRATAMENTO a que instrúan os expedientes disciplinarios e/ou sancionadores correspondentes, tendo dereito a que se lle informe polo miúdo do contido de ditos expedientes, para poder emprender outro tipo de accións legais en caso de disconformidade.

Dereito de información: O ENCARGADO DE TRATAMENTO, no momento da recollida dos datos, deben facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar. A redacción e o formato nos que se facilitará a información consensuarase co responsable antes do inicio da recollida dos datos.

O PRESENTE ANEXO e as obrigas nela establecidas, así como o Sumario de Tratamento constitúen o contrato de encargo de tratamento entre a Consellería de Sanidade e os ENCARGADOS DE TRATAMENTO a que fai referencia o artigo 28.3 RGPD. As obrigas e prestacións que aquí se conteñen non son retribuíbles de forma distinta do previsto no presente acordo e terán a mesma duración que este, prorrogándose no seu caso por períodos iguais a éste. Non obstante, ao remate do acordo, o deber de segredo continuará vixente, sen límite de tempo, para todas as persoas involucradas na execución do mesmo.



Para o cumprimento do obxecto deste acordo non se require que o ENCARGADO DE TRATAMENTO accedan a ningún outro Dato Persoal responsabilidade da Consellería de Sanidade, e por tanto non están autorizados en ningún caso ao acceso ou tratamento doutros datos, que non sexan os especificados no Sumario de Tratamento. Se se producise unha incidencia durante a execución do acordo que implicara un acceso accidental ou incidental a Datos Persoais responsabilidade da Consellería de Sanidade non contemplados no Sumario de Tratamento, o ENCARGADO DE TRATAMENTO deberán poñelo en coñecemento da Consellería de Sanidade, en concreto do seu Delegado de Protección de Datos, cola maior dilixencia e a máis tardar no prazo de 72 horas.

INFORMACIÓN

Os datos de carácter persoal vinculados ás actividades de tramitación, control e auditoría deste convenio serán tratados pola Consellería de Sanidade para seren incorporados ao sistema de tratamento "Identificación usuarios e profesionais do sistema público sanitario" e "Inspección Sanitaria" cuxas finalidades son, no primeiro caso, coñecer a identidade dos/as profesionais relacionados/as co catálogo de prestacións sanitarias, a súa actividade e situación administrativa, así como levar a xestión e control de accesos aos sistemas de información da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde; co segundo tratamento xestionanse as actividades de inspección sanitaria.

Finalidade necesaria para o cumprimento dunha obriga legal da Consellería de Sanidade.

Os datos de carácter persoal poderán ser comunicados en base á lexislación de transparencia e acceso á información pública.

Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recabaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e patrimonio documental tanto autonómica coma estatal.

Os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a no seren obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, podense exercitar ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo San Lázaro, R/San Lázaro, s/n, 15703 – Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico dpd@sergas.gal.

SUMARIO DE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Descrición xeral do tratamento de Datos Persoais a efectuar

Descrición

O tratamento consistirá en acceso ao sistema IANUS por parte dos profesionais sanitarios do IMELGA, coa exclusiva finalidade de prestar asistencia a persoas vítimas de violencia/agresión sexual, de conformidade cos procedementos e protocolos aplicables.



Colectivos e Datos Tratados

Os colectivos de interesados e Datos Persoais tratados ás que poden ter acceso os ENCARGADOS DE TRATAMENTO son:

Tratamentos/Ficheiros principais colectivos e de interesados	Datos Persoais do tratamento/ficheiro aos que se pode acceder
"Xestión da Historia Clínica e Actividade Asistencial"	Os datos persoais a tratar son os indicados no Rexistro de Actividades de Tratamento.
"Identificación usuarios e Profesionais do Sistema Público Sanitario"	Os datos persoais a tratar son os indicados en el Rexistro de Actividades de Tratamento.

Elementos do tratamento

O tratamento dos Datos Persoais comprenderá:

☒ Recollida (captura de datos)	☒ Rexistro (gravación)	☒ Estruturación	☒ Modificación
☐ Conservación (almacenamento)	☐ Extracción (retrieval)	☒ Consulta	Cesión
☐ Difusión	☐ Interconexión (cruce)	☒ Cotexo	☐ Limitación
☐ Supresión	☐ Destrución (de copias temporais)	☐ Conservación (nos seus sistemas de información)	☐ Outros: _____
☐ Duplicado	☐ Copia (copias temporais)	☐ Copia de seguridade	☐ Recuperación

Unha vez finalice o acordo , o encargado do tratamento debe:

a) Devolver ao responsable do tratamento os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación. A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Ademáis, o Responsable do Tratamento poderá requirir ao encargado para que no canto da opción a), cumpra coa b) ou coa c) seguintes: b) Devolver ao encargado que designe por escrito o responsable do tratamento, os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación. A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da



execución da prestación.

- c) Destruír os datos, unha vez cumprida a prestación. Unha vez destruídos, o encargado debe certificar a súa destrución por escrito e debe entregar o certificado ao responsable do tratamento.

En calquera dos 3 casos, e aportando xustificación de dita solicitude, o Encargado do Tratamento poderá solicitar á Consellería de Sanidade conservar os datos durante o tempo que poidan derivarse responsabilidades da súa relación co Responsable do Tratamento ou da execución da prestación. En caso de ser aprobada esta solicitude, os Datos Persoais conservaranse bloqueados e polo tempo mínimo indispensable, destruíndose de forma segura e definitiva ao final de dito prazo.

Medidas de seguridade

- Para garantir a privacidade nas comunicacións, o acceso ao sistema IANUS realizarase exclusivamente a través da rede corporativa da Xunta ou da rede corporativa do Servizo Galego de Saúde. A Consellería de Política Social, a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Consellería de Sanidade realizarán as xestións necesarias para conseguir habilitar o acceso a través das ditas redes
- A Consellería de Sanidade decidirá o método e protocolos de seguridade a aplicar no acceso ao sistema IANUS.
- Só se poderán acceder os datos das persoas do IMELGA que estean realizando un proceso asistencial. Crearanse listas de traballo que inclúan a aquelas persoas cuxo consentimento estea asinado, escaneado e incorporado telemáticamente aos sistemas de información.
- A responsabilidade de recoller e custodiar os consentimentos informados será dos profesionais actuantes. Calquera incidencia que poida ocorrer cos consentimentos que poida poñer en dúbida a súa validez ou vixencia será tamén responsabilidade súa.
- En todas as previsións das actividades que forman parte do exercicio das súas funcións, cómpre aplicar as medidas de seguridade recollidas no anexo II (medidas de seguridade) do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónico segundo a categoría dos datos tratados.
- Cómpre obrigir ao segredo profesional (ou recordala, se xa existe esta obriga) con relación aos datos de carácter persoal a TODAS as persoas que interveñan por conta da entidade en calquera fase do tratamento dos datos. Esta obriga subsiste aínda despois de que se extinguiase a súa relación de colaboración coa Consellería de Sanidade.
- A entidade obrígase ao cumprimento dos procedementos de identificación, autenticación e control de acceso de usuarios establecidos nos sistemas de información da Consellería de Sanidade, debendo comunicar as altas e baixas de usuarios que se produzan en relación cos empregados da súa organización, conforme ás instrucións facilitadas en cada momento pola Consellería de Sanidade.
- Todas as solicitudes de alta de usuario deberán ser autorizadas e asinadas polo director ou directora do IMELGA, e o xefe ou xefa de servizo correspondente da área sanitaria de referencia e da dirección xeral de asistencia sanitaria antes da súa autorización definitiva.
- Só se concederá usuario de acceso a IANUS aos profesionais do IMELGA que teñan encomendadas funcións relacionadas co obxecto deste convenio.



- Como mecanismo de sinatura electrónica utilizaranse os certificados de empregado público proporcionados pola Xunta de Galicia, que deben ser xerados e estar instalados de xeito obrigatorio nas tarxetas profesionais, non podendo existir copias deles fóra desas tarxetas.
- A entidade debe comunicar e facer cumprir aos seus empregados que teñan acceso aos datos de carácter persoal as obrigas establecidas nos apartados anteriores, especialmente as relativas ao deber de segredo e ás medidas de seguridade.
- A Consellería de Sanidade realizará de forma periódica auditorías de control do acceso aos datos que realizan os usuarios da entidade, con especial énfase na validez dos consentimentos para o acceso. En caso de detectar usos anómalos ou sospeitosos procederá a anular o usuario, sen descartar outras accións administrativas, penais ou doutra índole que poidan ser de aplicación.
- A entidade non pode facer copias, descargas, impresións ou calquera outra operación de conservación de datos con finalidades diferentes das establecidas neste acordo con relación aos datos de carácter persoal aos que teña acceso.
- Respecto aos aspectos relacionados coas competencias da Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Secretaría Xeral Técnica de la Consellería de Sanidade, a entidade debe informala inmediatamente sobre calquera incidencia nos sistemas de tratamento e xestión da información que tivese ou poida ter como consecuencia da alteración, a perda e o acceso a datos de carácter persoal e a revelación a terceiras persoas de información confidencial obtida mentres a entidade cumpría as súas funcións.
- Tanto para a execución de auditorías realizadas pola Consellería de Sanidade, como no caso de que a Agencia Española de Protección de Datos faga inspeccións ou requirimentos á Consellería de Sanidade, ou á entidade, todas as partes se comprometen a proporcionar a información requirida para facilitar en todo momento as actuacións previstas legalmente e a adoptar as medidas que se consideren oportunas derivadas das ditas actuacións.
- No caso de que a entidade destine os datos a outra finalidade, os comuniquen ou utilicen incumprindo as obrigas especificadas ou calquera outra esixible pola normativa, polo que serán considerados responsables do tratamento, deberán responder de xeito persoal das infraccións cometidas. Ademais, quedarán suxeitos –no seu caso– ao réxime sancionador establecido tanto no RGPD como na LOPDGDD. Ademais, a entidade está suxeita ás mesmas condicións e obrigas descritas previamente neste acordo respecto ao acceso e ao tratamento de calquera documento, dato, norma e procedemento que pertencen á Consellería de Sanidade e aos que puideran ter acceso.

Así como calquera outra medida que o adxudicatario poida identificar e propoñer

O ENCARGADO DE TRATAMENTO non poderán non implementar o suprimir ditas medidas mediante o emprego dunha análise de risco ou avaliación de impacto agás aprobación expresa da Consellería de Sanidade.

Para estes efectos, o persoal do ENCARGADO DE TRATAMENTO debe seguir as medidas de seguridade establecidas pola Consellería de Sanidade, sen que poidan efectuar tratamentos distintos dos definidos pola Consellería de Sanidade.

Dado que durante a vixencia do acordo xestionaranse polo ENCARGADO DE TRATAMENTO soportes que poden conter datos de carácter persoal especialmente sensibles, será responsabilidade do ENCARGADO DE TRATAMENTO asegurar que todo soporte de datos que saia das súas instalacións sexa inutilizado ou que os datos sexan eliminados de tal xeito que resulte imposible ter acceso aos mesmos.



